



## RESOLUCIÓN N° 10/2018 DA XUNTA ELECTORAL

### LISTA PROVISIONAL DE CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA E COMISIÓN DELEGADA

Sendo as 20:30 horas do día 19 de outubro de 2018, reúnese a Xunta Electoral na sede da Federación Galega de Atletismo, seguindo cos prazos indicados no Calendario Electoral aprobado pola Xunta de Galicia que determina, dentro da Fase VI do proceso, que a presentación de candidaturas para formar parte da Asemblea Xeral desenvolveuse entre os **días 11 ao 18 de outubro de 2018**, segundo o disposto no artigos 21 e 25 do Regulamento Electoral da FGA.

#### **CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA**

A Xunta Electoral RESOLVE:

**Aceptar**, de forma provisional, as seguintes candidaturas:

Don ISIDORO HORNILLOS BAZ

**Non aceptar** de forma provisional, as seguintes candidaturas:

Don JOAQUÍN PÉREZ PÉREZ polo motivo de non cumprir o requisito do artigo 21.3 do Regulamento electoral de vir a súa candidatura avalada polo 10% dos membros da asemblea xeral.

De conformidade co artigo 21.4 a Xunta electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados. Don Joaquín Pérez Pérez presenta nove avais ca súa candidatura pero soamente seis deles son válidos xa que a entidade SAN MIGUEL DE MARÍN avala a candidatura da entidade COMESAÑA SPORTING CLUB á Comisión Delegada e non ó citado candidato a Presidencia e os avais das entidades CLUB DEPORTIVO PINARIUM e máis CLUB DEPORTIVO SAN PAIO A ESTRADA foron posteriormente retirados mediante sendos escritos dirixidos a esta Xunta electoral, motivo polo cal a candidatura presentada non alcanza o número mínimo de avais precisos.



## **CANDIDATURAS Á COMISIÓN DELEGADA**

A Xunta Electoral RESOLVE:

**Aceptar**, de forma provisional, as seguintes candidaturas:

### **ESTAMENTO DE ATLETAS:**

Don VÍCTOR PÉREZ CURRÁS

### **ESTAMENTO DE ADESTRADORES:**

Don JOSÉ VICENTE VEIGA DOLDÁN

### **ESTAMENTO DE XUÍCES:**

Don GUILLERMO SANDINO LEIRA

### **ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS:**

CLUB MARINEDA ATLÉTICO

ASOC. DEP. ATLÉTICA DO SIL (ADAS)

CLUB CARMELITAS OURENSE

CLUB OURENSE ATLETISMO

SOC. GIMNÁSTICA DE PONTEVEDRA



Conforme ao disposto nos artigos 21.6 e 25 do Regulamento Electoral aprobado pola Xunta de Galicia e ao Decreto 16/2018 do 15 de febreiro de 2018 publicado no DOGA, contra esta resolución poderá formularse reclamación ante a Xunta Electoral no prazo de tres días naturais indicado no Calendario Electoral (20, 21 e 22 de outubro).


Asinado polos membros da Xunta Electoral:



Presidente  
Manuel Mora y Pita da Veiga



Secretaría  
Rocío López Schmidt



Vogal  
Pablo Rodríguez Rial

A Coruña, a 19 de outubro de 2018